

## Obama entre o idealismo e o realismo

*Roberto Mansilla* (Tempos Novos, decembro/2008)

A histórica vitoria electoral de Barack Obama nas eleccións presidenciais en EEUU levanta tantas expectativas como incerteza no resto do planeta. Cunha crise económica global en pleno curso e a pesada herdanza deixada polo seu antecesor George W. Bush no escenario internacional, aínda resulta unha incógnita cal será o verdadeiro perfil que adoptará o novo inquilino da Casa Branca en materia de política exterior.

Obama culmina con esta vitoria electoral unha meteórica e sorprendente carreira política iniciada fai poucos anos, cuxa brevidade non foi obstáculo para romper moldes en canto a estilo e ideario político. Constantemente cuestionado pola súa presunta inexperiencia política, o primeiro afroamericano en converterse en presidente dos EEUU terá nas súas mans unha serie de retos que, con seguridade, determinarán unha viraxe importante no curso de política exterior adoptada nos últimos anos pola maior potencia do planeta.

Esta variable de cambio estará igualmente determinada e definida polo impacto da actual crise financeira en EEUU e, ata qué punto, a mesma obrigará a Obama a adoptar medidas de maior proteccionismo e illamento co respecto ao concerto internacional.

### A imaxe de EEUU

Resulta claro que, en materia exterior, Obama terá un reto moral ineludible e prioritario: recuperar a credibilidade e lexitimidade de actuación de EEUU no escenario internacional. As secuelas de oito anos de agresivo neoconservadurismo unilateral imposto por Bush, cuxo maior impacto foi a ilegal guerra en Iraq en 2003 e as violacións dos dereitos humanos que supoñen as cárceres de Guantánamo, Abu Ghraib e os voos ilegais da CIA, suporán un serio compromiso a reverter por parte do novo goberno na Casa Branca.

Obama terá tamén que lidar cunha percepción global de debilitamento da potencialidade estadounidense. Neste sentido, a multiplicación de fronteiras (Iraq, Afganistán, Oriente Próximo, Cáucaso, sueste asiático) colocarán igualmente o tema da seguridade nacional como evidente prioridade na axenda do novo presidente.

Non obstante, Obama podería recuperar varios dos postulados que fixeron do Partido Demócrata unha agrupación con vocación internacionalista, multilateralista e defensora dos dereitos humanos e das liberdades, herdeiros da tradición idealista exercida polo ex presidente Woodrow Wilson (1913-1921) Este hipotético retorno ao idealismo wilsoniano parece instalado no ideario e no discurso do cambio imposto por Obama e a súa pretensión para facer posible a recuperación dos valores morais internacionalistas de EEUU.

Os EEUU que inaugurarán un novo goberno en xaneiro do 2009 coñecerán unha lenta e incerta transformación do poder global, non só en canto á constitución dun novo sistema internacional senón sobre os temas prioritarios dunha axenda repleta de retos. Aínda que



Resulta claro que, en materia exterior, Obama terá un reto moral ineludible e prioritario: recuperar a credibilidade e lexitimidade de actuación de EEUU no escenario internacional. As secuelas de oito anos de agresivo neoconservadurismo unilateral imposto por Bush, cuxo maior impacto foi a ilegal guerra en Iraq en 2003 e as violacións dos dereitos humanos que supoñen as cárceres de Guantánamo, Abu Ghraib e os voos ilegais da CIA, suporán un serio compromiso a reverter por parte do novo goberno na Casa Branca.

Washington segue conservando o seu rango de superpotencia global, o mundo do século XXI camiña cara unha multipolaridade que terá a China e Asia como principais protagonistas.

Precisamente, resulta unha incógnita coñecer cal será a posición de Obama ante o ascenso de potencias emerxentes como China e India. Concentrado en recuperar a confianza dos estadounidenses no crecemento da súa economía, severamente afectada pola crise financeira en Wall Street, un déficit orzamentario de máis de 40.000 millóns de dólares e o plan de rescate de \$700.000 millóns en curso, Obama pode sentirse tentado a aplicar, polo ao principio do seu mandato, unha serie de políticas comerciais proteccionistas.

### **As expectativas europeas**

A vitoria de Obama foi amplamente celebrada na maior parte dos países do mundo e, especialmente, en diversos países europeos, que consideran esencial retomar os postulados clásicos da tradicional relación transatlántica con Washington trala fractura provocada polo unilateralismo de Bush. En Bruxelas, París, Berlín e Londres espérase con certa ansia que Obama certifique unha resurrección do atlantismo, aínda que baixo novos parámetros de actuación e cooperación.

Un caso específico é o español, onde o goberno do socialista Zapatero ven aplicando unha ampla estratexia de achegamento cara a Obama, a fin de reacomodar as relacións entre Madrid e Washington, danadas tras o anuncio de retiro militar español de Iraq en 2004. Deixando atrás a era Bush, Zapatero espera iniciar unha etapa máis cordial con Obama e os demócratas na Casa Branca.

A situación política europea, atascada por un proxecto constitucional de integración política aínda incerto, así como a súa necesidade de contar coa aquiescencia estadounidense a fin de formar un eixo común ante o presumible avance xeopolítico de Rusia, son factores que impón peso nas novas relacións transatlánticas.

Precisamente, o retorno de Rusia á escena internacional con pretensións de poderío global fai presaxiar unha nova correlación de forzas e relacións entre Washington e Moscova, especialmente ante temas tan polémicos como a expansión da OTAN e do escudo antimísiles estadounidense no espazo ex soviético.

Cumpre así observar a contundente mensaxe enviada polo presidente ruso Dmtri Medveded, un día despois da vitoria electoral de Obama, ao anunciar a decisión rusa de realizar probas misilísticas no seu enclave de Kaliningrado, calculado como un obvio toque de atención que Moscova realiza á nova presidencia estadounidense. Do mesmo xeito, Rusia está establecendo unha política de alianzas en América Latina, o “patio traseiro” estadounidense, especificamente afincando os seus intereses estratéxicos cara Venezuela e Cuba en materia política, militar e enerxética.

A falta de coñecerse se para o 2009, Gran Bretaña acabará coa etapa política laborista no poder, afirmando o retorno dos tories conservadores a Downing Street, os cálculos en Europa semella estar cifrados en afirmar un eixo atlantista con Obama, posiblemente conformado polo francés Nicolás Sarkozy e Zapatero.

### **As fronteiras de guerra**

Analizando casos específicos, aínda non é seguro se Obama posúe un cronograma elaborado de retirada de efectivos militares en Iraq. En todo caso, parece definirse unha estratexia na Casa Branca e o Pentágono para a paulatina delegación de funcións de goberno e de seguridade militar ás novas autoridades iraquís, un proceso que pode culminar no 2012, nun momento en que Obama pode estar calculando a súa reelección presidencial.

Así, é posible que con Obama, EEUU asista ao primeiro retiro significativo de tropas do país árabe. Nos últimos meses observouse unha lixeira mellora en canto ao nivel de seguridade neste país, o cal axudaría a enfocar o problema cunha maior dose de optimismo.

Un caso diferente constitúe Afganistán, cuxa situación comeza a agravarse ante o reagrupamento de efectivos talibán na fronteira con Paquistán. Obama xa deu a entender que gran parte da seguridade global de EEUU xogase na fronteira afgano-paquistaní. Velaí o seu compromiso por fortalecer as institucións afganas de posguerra, afincando tamén unha maior cooperación militar vía OTAN e ONU, que podería dar a entender que o eventual retiro militar iraquí sirva para completar forzas en Afganistán.

Do mesmo xeito, resta por ver cal será a relación estratéxica entre Obama e o novo goberno paquistaní, tomando en conta os roces recentes entre Islamabad e Washington na loita antiterrorista contra os talibáns. De ser un aliado estreito na loita antiterrorista baixo o mandato do xeneral Pervez Musharraf, Paquistán pasou a converterse nunha delicada polvoreira dentro do complexo taboleiro xeopolítico de Asia Central. O ascenso en Islamabad dun goberno politicamente plural que critica abertamente a estratexia estadounidense, será un escenario a tomar en conta por Obama.

O compromiso de Obama coa rexión centroasiática é claro, xa que recentemente chegou a declarar que “un arco de convulsión se cerne desde Turquía ata Paquistán”. Así, Obama mostra tamén o seu compromiso por facer fronte a calquera reto exposto por Al Qaeda e a guerra global contra o terrorismo impulsada por Bush.

Noutro escenario, a visión de Obama sobre Oriente Próximo levantou fortes críticas en diversos sectores conservadores e pro-israelís en EEUU, especialmente na súa eventual relación co mundo árabe e islámico. Obama chegou a considerar a posibilidade de negociar con Irán o seu programa nuclear así como mostrou simpatías pola causa palestina, o cal provocou unha inmediata e feroz reacción por parte do poderoso lobby xudeu en Washington e Nova York.

A reunión en xullo pasado entre Obama e a maior asociación xudía en EEUU, fonte principal do lobby israelí, así como a súa posterior xira por Oriente Próximo que lle levou a conciliar posicións co goberno israelí, deu a entender que Obama non modificará substancialmente os patróns tradicionais de actuación estadounidense nesta rexión.

Paralelamente, a designación dun coñecido “falcón” como Rahn Emmanuel, de orixe xudeu, no posto de futuro voceiro da presidencia, da a entender a intención de Obama de seguir mantendo a relación estratéxica entre EEUU e Israel.

Con isto, manter a estratéxica alianza entre EEUU e Israel seguirá a ser unha prioridade da nova política exterior estadounidense, aínda que a nova diplomacia estadounidense pode que sexa menos agresiva e belicista que a do seu antecesor. Obama deberá así seguir con atención a evolución da inestable situación política israelí ante a celebración de futuras eleccións anticipadas.

No aspecto dos dereitos humanos e a loita antiterrorista, resulta probable que Obama decrete o definitivo peche de Guantánamo, sen saber exactamente qué sucederá coa política dos voos ilegais da CIA, elementos que contribuíron á expansión do antiamericanismo e a irritación mundial cara á política seguida por Washington en materia antiterrorista e de dereitos humanos post-11/S.

A ilegalidade de Guantánamo e o seu eventual peche será así un punto quente na diplomacia aperturista que Obama espera imprimir a partir do 2009.

### **Existe América Latina para Obama?**

Aínda que concentrado noutras prioridades da súa axenda exterior, xorden expectativas por saber se Obama deseñará unha nova estratexia para a rexión latinoamericana.

A consolidación de Brasil e México como potencias emerxentes na área latinoamericana obrigará a Obama a reforzar os lazos económicos e políticos con ambos países. Debe considerarse a posible remodelación do ALCA baixo imperativos comerciais máis equitativos, o cal daría paso a unha maior expansión cara países aliados como Colombia e Perú.

En canto ás fronteas abertas, sendo estes Venezuela e Bolivia, existe a predisposición inicial de ambos gobernos a buscar un acomodo de relacións con Obama. As relacións bilaterais entre Washington, Caracas e A Paz están parcialmente paralizadas nos últimos meses, trala expulsión e retiro dos respectivos embaixadores. Recentemente, o goberno boliviano anunciou a expulsión do país dos axentes da DEA antidrogas.

Con todo, poden espallarse maiores friccións a mediano prazo. Obama recea da posibilidade dun expansionismo rexional do modelo de Chávez, en tanto obstaculice os intereses estadounidenses. Do mesmo xeito, durante a campaña electoral, Obama deixou claro sobre a necesidade de diminuír a dependencia do seu país do petróleo venezolano nun prazo de dez anos.

Outro apartado de importancia será Cuba e a posible nova estratexia demócrata na Casa Branca por alixear o embargo e propiciar maiores relacións comerciais co goberno de Raúl Castro.

Neste sentido, a conxuntura política actual amosa posibles perspectivas de moderado cambio nas relacións entre Washington e A Habana. O paulatino debilitamento político do tradicionalmente influente lobby cubano en EEUU, favorable ao reforzamento do embargo, así como a derrota electoral dos seus aliados republicanos, son variables que poden dar paso a que os sectores aperturistas, tanto cubanos como estadounidenses, aumenten a súa presión para que Washington elimine o embargo e asuma unha política aperturista cara Cuba.

Neste apartado, e ante a hexemonía demócrata no Senado e na Cámara de Representantes, os lobbys agrícola, empresariais e comerciais estadounidenses que ansían a apertura do mercado cubano, aumentarán as súas demandas cara o novo goberno na Casa Branca. Pola súa banda, na Habana, o goberno cubano esperará a manifestación oficial dun xesto cordial e aperturista desde Washington.

### **A diplomacia transversal**

Noutros aspectos, Obama probablemente será o primeiro presidente estadounidense que teña que asumir con maior rigorosidade, diversos problemas como o medio ambiente, en especial ante o acelerado cambio climático produto do queentamento global; a excesiva dependencia enerxética estadounidense e a adopción de enerxías alternativas, coa súa inevitable influencia ecolóxica.

Un aspecto principal está contido na adopción do novo goberno estadounidense do Protocolo de Kyoto, cuxa temporalidade caduca no 2012. A frontal oposición do goberno de Bush a este tratado deixa no tapete o compromiso ambiental de Obama.

Do mesmo xeito, moitos países e organismos de defensa de dereitos humanos están ansiosos por coñecer se Obama subscribirá a entrada de EEUU na Corte Penal Internacional (TPI).

Aínda que o Partido Demócrata conserva unha maioría simple no Senado e a Cámara de Representantes, a discusión sobre o posible ingreso estadounidense no TPI podería dar paso a duros debates parlamentarios e unha forte oposición republicana.

Noutras latitudes, foi notorio observar que, grazas ás orixes africanas de Obama, mostrábase un moderado optimismo en África ante a posibilidade de que o novo goberno na Casa Branca outorgue maiores responsabilidades e compromisos co desenvolvemento deste continente, especialmente no relativo á consecución dos Obxectivos do Milenio de diminución da pobreza para o 2015.

Aínda así, a súa presidencia deberá afrontar o mais que probable espallamento dunha crise rexional no corazón da estratéxica África Central, ante os combates armados e a crise humanitaria na República Democrática do Congo.

Todas estas variables, perspectivas e expectativas planean sobre a nova presidencia na Casa Branca. Coa súa histórica vitoria, Obama parece encamiñar a EEUU cara a unha nova era, plasmada en diversos retos que condicionan o seu rango de superpotencia global. Queda por ver ata que punto o perfil carismático e o simbolismo político e racial definido en Obama

son suficientes para afrontar a condución política do país máis poderoso do planeta. Así, e por agora, o escenario parece dominado por lexítimos sentimentos de grandes expectativas e prolíficas dúbidas.

*Roberto Mansilla Blanco, analista do Igadi.*

13/11/2008 (c) Igadi, Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, [www.igadi.org](http://www.igadi.org)  
[http://www.igadi.org/artigos/2008/rm\\_obama\\_entre\\_o\\_idealismo\\_e\\_o\\_realismo.htm](http://www.igadi.org/artigos/2008/rm_obama_entre_o_idealismo_e_o_realismo.htm)